



PERMACULTURA na GALIZA



REDE DE PERMACULTURA  
IBÉRICA

## \*\*\* NOTA DE PRENSA \*\*\*

8 de maio de 2008

### PermaCultura na GALIZA

(Rede de PermaCultura Ibérica – nodo noroeste)  
na Mostra de Bioconstrución, Enerxías Renovables e Ecoloxía  
“ALTERNALIA 2008”

O nodo noroeste da Rede de PermaCultura Ibérica (**PermaCultura na Galiza**), participará na feira “Alternalia 2008”, mostra de Bioconstrución, Enerxías Renovables e Ecoloxía, que váise celebrar os vindeiros 9, 10 e 11 de Maio no paseo marítimo de Moaña.

Este evento está organizado por o IES A Paralaia, a Federación de Comerciantes do Morrazo (FECIMO) e o Concello de Moaña; conta coa colaboración da Consellería de Industria da Xunta de Galicia - Dirección Xeral de I+D+i - e de Caixanova.

A Rede de PermaCultura Ibérica, quere agradecer expresamente aos promotores a inclusión do grupo de PermaCultura na Galiza neste evento. Unha oportunidade como unha mostra de Bioconstrución, Enerxías Renovables e Ecoloxía, é o escenario axeitado para poder comprender a filosofía de deseño e o concepto da PermaCultura, como proposta real para alcanzar un novo modelo social, verdadeiramente xusto e sustentábel.

A **PermaCultura** é unha ciencia de deseño ecolóxico para crear sistemas eficientes, produtivos e auto-sustentábeis, que sirvan ás comunidades humanas e evolucionen cara unha relación dinámica e rexenerativa co entorno. Nese traballo resulta imprescindible a inclusión de novas estratexias de deseño e construción da vivenda, de captación e consumo da enerxía e mesmo de xestión dos recursos e residuos que o ser humano usa e produce na súa vida cotiá.

A bio-construción ou construción saudable - *baseada no uso de técnicas e materiais de baixo impacto ecolóxico* -, o bio-climatismo - *como modelo de aproveitamento da capacidade calorífica do sol para calefacción* -, as enerxías renovables - *como solución ao esgotamento dos combustibles fósiles e á produción de contaminantes na atmósfera* -, a implantación das RRRRRR.... - *para unha mellor xestión dos nosos recursos e residuos* -, son algunhas desas estratexias que poden alumear o noso futuro máis próximo, cara unha sociedade máis sustentábel no planeta.

Para axudar na comprensión da nosa **responsabilidade** nese futuro e amosar unha estratexia concreta de **cooperación** nesa sociedade; o grupo de PermaCultura na Galiza desenvolverá as súas actividades e mesmo dará unha charla informativa no entorno da feira Alternalia 2008, aportando unha reflexión dende a PermaCultura como ciencia e filosofía de deseño, e estratexia concreta para a implantación de Axendas 21 locais nos concellos de Galiza.

De seguido infórmase das actividades e persoas participantes.

## PROGRAMA ACTIVIDADES ALTERNALIA 2008, PermaCultura na Galiza:

### SÁBADO 10 DE MAIO:

**11:00 h. Charla: "Rodar con aceite reciclado"** (no stand de PermaCultura)

**12:00 h. Obradoiro de xabrón reciclado** (no stand de PermaCultura)

**13:00 h. PERFORMANCE: "TRANSXÉNICOS"** (no entorno da Feira Alternalia)

**17:00 h. Charla: A PERMACULTURA**

*"Unha proposta real para alcanzar un novo modelo social, verdadeiramente xusto e sustentábel".*

**17:30 h. Obradoiro de revocos con arxila en casas de palla** (no stand de PermaCultura)

### DOMINGO 11 DE MAIO:

**11:00 h. Obradoiro de pan biolóxico con fermento, e cociñado ó sol**

Durante a feira e en distintos momentos cada día, haberá proxección de vídeos, mostra e venda de libros e textos, así coma outras accións de difusión e información.

Participarán:

**Antonio Palma Rico:** Técnico en PermaCultura polo Instituto Arxentino de PermaCultura, Educador ambiental e Coordinador do grupo de PermaCultura na Galiza.

**César Lema Costas:** Doctor en Bioloxía, Labrego, Permacultor e Investigador en Sustentabilidade, Coordinador en Galiza da Rede Ibérica de Constructores de balas de palla.

---

### *Para máis información:*

Coordinador grupo de PermaCultura na Galiza:

Antonio Palma, 620 955 479

<http://permaculturagaliza.pbwiki.com/>

[permaculturagaliza@yahoo.es](mailto:permaculturagaliza@yahoo.es)